





Para Andrea, que é simplemente marabillosa.
-Mark

Para o fabuloso e brillante equipo de Plum.
-Katy x

Os libros no son para os osos
Colección Miau

Primeira edición: marzo 2024

Título orixinal: *Books aren't for bears*

© Ediciones Jaguar, 2024

C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid

www.edicionesjaguar.com

Esta edición conta co permiso de Capstone,
propietario de todos os dereitos de distribución e publicación da obra.

© Texto: Mark Barry, 2023

© Ilustraciones: Katy Halford, 2023

© Tradución: Vanesa López, 2023

📖 EdicionesJaguar

✉ @Ed_Jaguar

🌐 edicionesjaguar

📄 ediciones_jaguar

THEMA: YBC

ISBN: 978-84-18753-75-6

Depósito legal: M-35041-2023

Impreso en España

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

OS LIBROS NON SON PARA OS OSOS

MARK BARRY

KATY HALFORD



HABÍA UNHA VEZ UN OSO MOI FELIZ.
TIÑA TODO O QUE UN OSO PODE
NECESITAR: AMIZADES NO BOSQUE,
UNHA CASA ACOLLEDORA E MOREAS
DE NOCES E MEL.

PERO UN DÍA OSO ATOPOU ALGO QUE O
CAMBIOU TODO.
ATOPOU...



... UN LIBRO.



AS PALABRAS DANZABAN CON GRAZA POLAS PÁXINAS
BRANCAS E BRILLANTES.

OSO NON ENTENDÍA O QUE QUERÍAN DICIR.
DE SÚPETO, XA NON ESTABA TAN SATISFEITO.

QUERÍA
MOITO MÁIS.



CASA DE BUFO

—MIRA ISTO! —DIXO.

E BUFO, QUE ERA TAN SABIO COMO ADOITAN SER
OS BUFOS, APRENDEULLE A LER. PASABAN AS
CÁLIDAS NOITES DE OUTONO
LENDO XUNTOSAO PÉ DO
CARBALLO NO QUE VIVÍA
BUFO.



CANTO MÁIS LÍA,
MÁIS LIBROS QUERÍA.



SAÍA TODOS OS DÍAS DE BUSCA,
PERO NUNCA ATOPABA NINGÚN LIBRO.



O QUE SI ENCONTROU FOI...